



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a Axencia Galega de Innovación queremos informaros do lanzamento de **dous novos programas de aceleración** promovidos por entidades que forman parte da Rede galega de Aceleradoras de Innovación, co apoio da Xunta de Galicia a través do noso programa de axudas: o **Programa de Aceleración Internacional HealthTech & Biotech de Zarpamos e Conector Galicia**.

O **Programa de Aceleración Internacional HealthTech & Biotech**, promovido pola aceleradora Zarpamos, ten a convocatoria aberta para **recibir solicitudes ata o 1 de maio** e arrincará o programa de aceleración o próximo 12 de maio. O obxectivo deste programa son **proxectos en fase semente**, dentro do sector saúde con compoñente biotech ou healthtech, que busquen o crecemento do proxecto na súa primeira fase. Procuran proxectos escalables e internacionalizables e con gran potencial de crecemento.

O programa de aceleración terá unha **duración de 6 meses en tres sedes: A Coruña, Madrid e Tel Aviv**. Os emprendedores seleccionados recibirán acceso ao **espazo de coworking** gratuito e unha **formación aplicada**, impartida por mentores e empresarios expertos, cuns obxectivos xerais como son a validación de negocio, aumento da captación de clientes, validación do mercado internacional e captación de inversores. Culminará co **Investor Day**, un evento no que os emprendedores terán a posibilidade de presentar os seus proxectos á rede de investidores do programa e ampliar a experiencia propia de cara a investimentos futuros.

Pola súa banda, o programa **Conector Galicia** é o primeiro programa de aceleración en Galicia da **aceleradora Conector Startup Accelerator** especializada en startups en fase semente do sector dixital,. Neste caso, a convocatoria está aberta para **recibir solicitudes ata o 15 de maio**.

O obxectivo de Conector Galicia son **startups con base tecnolóxica**, en fase semente, con prototipo no mercado e nas primeiras métricas. Procuran

proxectos cun equipo formado e un líder claro, startups escalables e internacionalizables e con gran potencial de crecemento.

No programa de aceleración, que comezará en xuño e terá unha **duración de 5 meses**, os emprendedores seleccionados recibirán unha serie de servizos que lles permitirán acelerar o seu crecemento: charlas de formación semanais, espazo de coworking gratuíto, entrada ao ecosistema emprendedor español, acceso á rede de investidores e ao asesoramento do seu board de mentores, formado por profesionais de recoñecido prestixio do sector dixital galego e español. Culminará co **Demo Day**, un evento privado no que os emprendedores terán a posibilidade de presentar o seu proxecto diante de investidores, venture capital e business angels.

Por último, lembrámosvos que o prazo de presentación de solicitudes do **programa de aceleración Innovación Océano Azul 4.0** foi ampliado ata o vindeiro **30 de abril do 2017**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

